

Autoridades

Representacións

Estimado Xesús Fraga, gañador do certame

Amigas e amigos

Eu non coñecín persoalmente a Don Eduardo , pero as circunstancias da vida fixeron que vivise durante bastante tempo, xunto coa miña familia, na mesma rúa onde el tivo a súa vivenda, un modesto pisiño que tanto desexou e que tan pouco disfrutou, só os seus últimos tres anos.

Adquirido, por certo, grazas a unha inciativa do gran pintor Laxeiro, bo amigo seu, que lanzou en 1976, desde Vigo, a campaña de “Unha casa para Blanco-Amor”, secundada por varios artistas plásticos que xenerosamente doaron cadros e esculturas que logo serían subhastados. Co recadado, cincocentas trinta mil pesetas, puido ter, despois de vivir de prestado máis dunha década, un fogar onde colocar a súa biblioteca e onde traballar cómodo.

Nesa rúa, despois chamada “Eduardo Blanco-Amor”, cheguei a velo pasear. A velo tomar un

yoghourt de merenda. Ali moita xente me falou del. Todos coincidían na súa facilidade para entablar conversación con todo tipo de xente. Era un veciño máis, aquel escritor amable, educadísimo e elegante que viñera de Buenos Aires, que se paraba a falar con todo o mundo, contábanme.

1976 sería o seu ano, porque tamén recibiu daquela a beca de 250000 pesetas anuais que lle concedeu a Fundación Barrié. E na mesma data asinou o contrato pola a versión cinematográfica da Esmorga, La Parranda, que levaría ó celuloide o asturiano Gonzalo Suárez, coa súa supervisión.

Pero a verdade sobre a penuria económica dun interlectual lúcido e brillante díxoa Laxeiro, cando lle entregou os cartos para mercar o apartamento en Ourense: “foise pobre e volveu pobre”.

Sen embargo, soupo levar esa circunstancia, unida a un evidente baleiro no cativo mundo cultural galego dos sesenta, a década do seu regreso definitivo, con enorme dignidade.

Sabía o que valía, defendíao a grandeza e a excelencia da súa obra. Eduardo Blanco-Amor foi grande, aínda que a sorte lle sorrise máis ben

pouco. A intolerancia e a incomprensión foron os estigmas do seu vivir, pero non claudicou nunca. Ademais de talento tiña valentía; era un loitador.

Permítanme un pequeno detalle, moi revelador do ourensanismo que levaba dentro e que volcou, millor ca ninguén, na meirande parte dos seus libros, tanto en galego, *A esmorga*, *Os biosbardos*, *Xente ao lonxe*, como en castelán, *La catedral y el niño*, *Los miedos*, e en centos e centos de páxinas da súa fecunda obra xornalística, facendo de Auria o seu universo literario, igual que lle aconteceu a Joyce con Dublín.

Nese 1976, reflexado por Gonzalo Allegue, o seu biógrafo, en *Diante dun xuíz ausente* como o ano de EBA, faleceu en Ourense, o 10 de abril, na súa casa da Rúa da Paz, o Patriarca das Letras Galegas, Don Ramón Otero Pedrayo. Blanco-Amor assistiu con emoción ás honras fúnebres do Señor de Trasalba e, dous días despois, o 12, envioulle a Rodolfo Prada unha breve cuartilla manuscrita cunha folla de loureiro pegada ó papel. Entregouma María Elena Prada, neta de Don Rodolfo, e di así:

“ Ista folla de loureiro ourensán foi collida por min da coroa que mandou o Centro Gallego de Buenos

Aires no intre en que lle dabamos terra ourensá ós restos do noso don Ramón Otero Pedrayo, o Gran Don Ramón de Galiza. Mándochá a ti como lembranza derradeira daquil home ourensán e galego, xenial e bo, que tanto che quería.”

Velaí, queridos amigos e amigas, a conexión ourensá. Ese sentimento de ourensanismo que un ourensán nado en Bos Aires, Luís González Tosar, impulsor de tantas e tantas iniciativas blancoamorianas, actual director da Fundación, definiu como Ourensanía.

Desde que cheguei ó Goberno Provincial de Ourense, impulsei a Fundación que leva o seu nome. Era unha necesidade, non só para custodiar o seu arquivo -con xoias como os orixinais dos *Seis Poemas Galegos* de Federico García Lorca-, o seu impresionante legado fotográfico, a súa biblioteca...senón tamén para completar os estudos e investigacións que un autor da súa categoría e dimensión merece.

Por iso, por oureñanía, estaremos sempre con Blanco-Amor, porque é unha das principais obrigas

do Goberno Provincial de Ourense, porque Don Eduardo soupo ser ourensán dentro e fóra, con contradicións e con alegrías, pero sempre con orgullo e satisfacción.

Quero felicitar moi cordialmente a Xesús Fraga, gañador da TRIXÉSIMO OITAVA EDICIÓN deste prestixioso galardón, o premio de novela de máis longa traxectoria nas Letras Galegas. Un certame que a Deputación de Ourense acolleu en 2015, cando perigaba a súa continuidade, e que hoxe brilla con esplendor renovado, grazas á capacidade do Xurado e á calidade da obra de Xesús Fraga, que moi pronto estará editada para deleite de lectoras e lectores.

Reitero hoxe o que dixen hai un ano neste mesmo sitio, no noso feroso e querido Liceo de Ourense: NA OURENSANÍA NON CABEN DÚAS OU TRES VELOCIDADES, NIN CATEGORÍAS SUPERIORES E INFERIORES, A DEFENSA DA LINGUA E DA CULTURA PROPIAS CONSTITÚE PARA NÓS UN CONXUNTO IDENTITARIO, POR SERMOS PARTE ACTIVA DESTA NACIÓN CULTURAL, Á QUE CHAMAMOS GALICIA, Á QUE SERVIRON TANTOS HOMES E MULLERES

DESTA TERRA CON PATRIOTISMO E
XENEROSIDADE.

Noraboa para todas e todos os que colaboraron, dun ou doutro xeito, neste Acto Literario. BEIZÓN , como dicimos en Ourense, pola vosa presenza, e declaro convocado, axiña formalizáremolo debidamente, o TRIXÉSIMO NOVENO PREMIO DE NOVELA LONGA EDUARDO BLANCO-AMOR SAÚDE E VÉMONOS EIQÚÍ, NO 2020, ANO DO CENTENARIO DA REVISTA E DA XERACIÓN NÓS.

Dixen.

Moitas grazas.